



## EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 9 de xaneiro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 11:19 horas do día 9 de xaneiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/01/2017, que se aprobou por unanimidade.

## ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

### **PRP2017/7**

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera, S.L.**, para reparación do vehículo matrícula Po1813AU, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 4.491,52 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2017/9**

Dáse conta de informe do Encargado de Obras en relación co sinistro provocado polo vehículo propiedade da Mancomunidade, con matrícula PO2103V, o día 22 de marzo de 2016, causando danos nunha marquesiña situada na Avda. de Cambados, sendo necesaria a urxente reparación da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Mobiliario Urbano Marlo, SL**, or un importe de 2.952,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213, e que se reclame á Compañía aseguradora do vehículo indicado (Allianz nº póliza 32811111) o aboamento do citado importe.

### **PRP2017/44**

Vista a proposta do Responsable de Compras do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **PAPERSTORE, S.L.**, para o subministro de 2.500 paquetes DIN A-4 NAVIGATOR 80 GRS 500 follas, así como 65 paquetes de DIN A-3 para os distintos servizos do Concello, por un importe total de 7.441,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2016/5935**

Vista a proposta do enxeñeiro informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación dos seguintes servizos e aplicacións informáticas para o ano 2017 coa empresa **Ayco Internet S.L.**, con cargo á partida 9201.22706:

- Aloxamento e xestión da web corporativa, por un importe anual de 1.452,00 € (IVE incluído)
- Aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo, dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com, por un importe anual de 2.680,15 € (IVE incluído)
- Servizo de limpeza antiVirus e antSpam para os correos electrónicos a nivel de Servidor, por un importe anual de 701,80 € (IVE incluído).
- Sistema Bdoutlook, por un prezo anual de 574,75 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2017/11**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases definitivas así como a convocatoria dun concurso-oposición para a creación dunha bolsa de traballo para nomeamento de auxiliares administrativos como funcionarios interinos.

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Consumo**

#### **PRP2017/35**

Vista a proposta da Secretaria Xeral a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao seguro para o vehículo Peugeot Partner, matrícula 1128HCM, que foi adquirido para o Servizo Municipal de Alumado Público e Mantemento, conforme ao orzamento presentado por **MGS Seguros**, por importe de 499,83 €, con cargo á partida 920.224.

### **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2016/2941**

A proposta da Concelleira de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda expresar o seu agradecemento ás seguintes persoas ou entidades polo seu patrocinio e colaboración nos actos desenvolvidos durante a “Festa da toma das uvas” o día 31 de decembro de 2016:

- Delegación de Gadisa en Betanzos.
- Dona M<sup>a</sup> Teresa Mejuto Rial, encargada e representante de La Metro.
- Zona Aberta.
- Agrupación de voluntarios/as de Protección Civil Vilagarcía.
- Academia Elisa (traballadores/as e alumnos/as curso monitor tempo libre)
- Asociación Hosteleiros Vilagarcía AHITUVI.



## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2017/36**

Dáse conta da publicación no BOP de data 30 de decembro de 2016 das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2017/37**

Dáse conta da publicación no BOP de data 30 de decembro de 2016 da prórroga do Plan Provincial de Obras e Servizos-2015 (Plan Concellos 2015) da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2017/38**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Javier Vázquez Fernández** os traballos de redacción do informe técnico das obras a realizar na fachada e interior do edificio da antiga peixería, incluíndo as medicións e orzamento, especificacións técnicas de materiais e fotografías do ámbito de intervención, por un importe total de 459,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

## **ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA**

### **Rendas**

#### **PRP2017/42**

Unha vez confeccionados os Padróns Fiscais correspondentes ás Taxas de Sumidoiros, Comercios e Industrias e Entrada de Vehículos do exercicio 2017, a Xunta de Goberno Local acorda a súa aprobación, a fin de dar trámite á preceptiva publicación dos edictos de exposición e cobranza, conforme esixe o art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.